



C O N C E L L O
D E
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE DATA DO 22/07/2015

Concelleiros electos asistentes:

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)
Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)
Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)
Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)
Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)
Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)
Don José Pinto Álvarez (A.V.)

Concelleiros que non asisten:

Dona Eva Arias Aira (PSOE) (excusa á asistencia)
Don Santiago Rodríguez Fernández (PP) (excusa á asistencia)

Secretario:

D. Rodrigo Blanco Núvoa

En Vilamartín de Valdeorras, sendo as 19:32 horas do día 22 de xullo de 2015, no salón de actos da Casa do Concello, reúñese a corporación municipal a fin de celebrar sesión extraordinaria urxente en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Alcalde D. Enrique Alvarez Barreiro, coa asistencia dos concelleiros relacionados ó marxe.

Da fe do acto o Secretario-Interventor do Concello D. Rodrigo Blanco Núvoa.

A sesión declarase aberta polo Sr. Alcalde-Presidente trala comprobación polo secretario do quórum de asistencia necesario para que poida ser iniciada.

Previamente á deliberación dos asuntos incluídos na orde do día, o Sr. Alcalde realiza unha pequena intervención relativa ó obxecto da convocatoria deste Pleno urxente, que literalmente se transcribe:

"O dereito á participación cidadá podémolo definir dun xeito moi sinxelo, como a posibilidade de que calquera persoa poida intervir nos asuntos municipais.

Pero para que este dereito sexa eficaz e útil require un proceso, o cal é necesario para garantir a súa existencia.

Temos nas nosas mans un regulamento para implementar a participación cidadá no noso concello. Un regulamento que, como todas as cousas vivas, ao longo do tempo se verá sometido a modificacións.





**C O N C E L L O
D E
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**
(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Sabemos que a elaboración da norma non é suficiente para que se cumpran os dereitos.

Somos conscientes de que debemos dotalo da máxima difusión. Debemos acompañalo de medios técnicos, económicos e unha acción de governo, clara e decidida.

Imos iniciar un proceso de participación individual e colectiva no noso concello cumplindo co compromiso adquirido cos nosos veciños.

Este non é máis que un punto de partida para construir un proceso novedoso, sobre o que teremos que reflexionar constantemente.

Presentámolo neste pleno extraordinario porque cremos que a promoción da participación é un marco que non debería formar parte da loita política.

Esperamos que os partidos políticos aquí representados, e os nosos veciños, apoien esta iniciativa e se comprometan a facer un seguimento activo da súa eficacia e eficiencia, aprendendo xuntos dos erros e compartindo os éxitos."

Seguidamente procédere a deliberación dos asuntos da orde do día:

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.

O Sr. Alcalde-Presidente toma a palabra para explicar a xustificación da urxencia da celebración da presente sesión da seguinte maneira:

"Debido a urgente necesidade de por en marcha algún dos proxectos e actuacións que ten este Concello e que non poden esperar, como por exemplo:

A colaboración desinteresada dalgúns veciños que se ofrecen de forma voluntaria a realizar tarefas que este goberno necesita e que non pode afrontar por falta de recursos.

*Ou o tratamento que se lle debe dar á información municipal.
Para todo iso faiase necesario ter un marco legal e reglamentado no que basar as actuacións municipais.*





**C O N C E L L O
D E
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**
(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

(De calquera xeito os grupos da oposición tiveron tempo suficiente para ler o contido íntegro destos regulamentos e poderán neste Pleno dicir o que lles parece.)

Tendo todo esto en conta, pasamos a votala urxencia."

Votada a urxencia, é aprobada pola maioría dos membros presentes (cos 5 votos a favor do PSOE e o do Sr. Pinto, de A.V.).

2.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE VOLUNTARIADO NO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.

Neste punto, o Sr. Alcalde concede a palabra ó voceiro do PSOE, D. Pablo, que explica que a función do Regulamento de Voluntariado, que se propón aprobar ó Pleno, é a de establecer un marco legal adecuado para amparar a actividade de voluntariado no Concello de Vilamartín de Valdeorras.

Trátase dun compromiso cos veciños do municipio, para que o que o desexe poida colaborar co Concello para proxectos concretos mediante actividades non remuneradas; de forma que se poidan acreditar os servizos que realicen os voluntarios, e regular unha serie de deberes e dereitos como o de ser amparados mediante un seguro no exercizo das súas funcións.

O Sr. Pinto, de A.V., pregunta se se realizou algún estudo sobre o custo que representará para o Concello por cada persoa que colabore.

A esto responde o Sr. Deramond, do PSOE, dicindo que se valorará en función de cada proxecto en particular e da actividade que se vaia a realizar.

Dna. Ma Jesusa, do P.P., manifesta o seguinte:

"A participación cidadá xa aparece recollida no artigo 69.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local que expresamente di que "As Corporacións locais facilitarán a más ampla información sobre a sús actividade e a participación de todos os ciudadáns na vida local".

E dicir, que a participación cidadá xa está contemplada e regulada tanto a nivel nacional como autonómico, polo que este Regulamento só repite o que establece a lexislación básica ó estilo de "Podemos", recollendo o xá lexislado, sendo mais fume que outra cousa.

Igual sucede cos boletíns informativos, copiando o que fai Carmele en Madrid.

De feito, o seu partido criticou no seu día unha revista informativa que se creara cando Manuel Candal era Alcalde.





**C O N C E L L O
D E
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**
(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Ademais, é co goberno do Partido Popular co que se aprobaron varias normas a favor da participación cidadá como a *Ley de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno* do 2013."

Así mesmo, solicita polo seu grupo informe de Secretaría sobre os Regulamentos a aprobar; manifestando que o seu grupo absterase na votación dos mesmos.

O voceiro do PSOE, o Sr. Deramond, respondelle á voceira do PP manifestando que di o que sabe, pero non sabe o que di; xa que neste punto da orde do día estase tratando a aprobación do Regulamento de Voluntariado, non o de Participación Cidadá, que é o punto seguinte, pero que poderá volver a repetir os sus argumentos posteriormente.

Mª Jesusa contesta que os dous regulamentos poden ir no mesmo lote.

O Sr. Deramond ínstalle a que se ten algo que dicir sobre este segundo punto do orde do día ten a oportunidade de dicilo aquí; o que responde Mª Jesusa dicindo que debatirá despois de que sexa informado polo Secretario.

Despois deste intercambio de opinións, o Sr. Alcalde insta ó Secretario a que de lectura da proposta que se somete á consideración do Pleno, que se transcribe textualmente:

"Considerando o interese que supón para o Municipio a aprobación do Regulamento de Voluntariado no Concello de Vilamartín de Valdeorras.

En virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propone ó Pleno:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento de Voluntariado no Concello de Vilamartín de Valdeorras.

SEGUNDO. Someter o devandito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto."





**C O N C E L L O
D E
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**
(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola mayoría do Pleno con 6 votos a favor (dos 5 Concelleiros do PSOE presentes, e o do Sr. Pinto de A.V.); e 1 abstención (a de Dna. M^a. Jesusa, do P.P.).

3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó voceiro do PSOE, o Sr. Deramond, para defender a aprobación da presente proposta ante o Pleno.

O Sr. Deramond expón que agora sí toca falar da participación cidadá, a cal está recollida na Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e na Constitución, pero que ata agora non se facía nin existía participación no Pleno como tal.

Desta forma, con esta regulación, todo o que se aprobé e discuta no Pleno estará a disposición de todos os veciños, posibilitará que se poidan fazer preguntas e rogos nas sesións plenarias e incluir na orde do día asuntos a iniciaiva dos veciños, e que incluso poidan defendelo no Pleno.

Contámplase, así mesmo, a figura dos Boletíns Informativos, que incluirá toda a información sobre a actividade do Concello, incluidos os orzamentos e os gastos e ingresos; que pode que se suxeiten ó pago dunha taxa, pero que nunca superará o custo dos folios dos documentos solicitados.

E tamén se preveen as entidades cidadáns e un rexistro de utilidade pública municipal para as mesmas.

Unha vez concluída a exposición da medida polo voceiro do PSOE, o Sr. Alcalde insta ó Secretario a que de lectura da proposta que se somete á consideración do Pleno, que se transcribe textualmente:

"Considerando o interese que supón para o Municipio a aprobación do Regulamento de Participación Cidadá no Concello de Vilamartín de Valdeorras.

En virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ó Pleno:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento de Participación Cidadá no Concello de Vilamartín de Valdeorras.





**C O N C E L L O
D E
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**
(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

SEGUNDO. Someter o devandito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto."

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola maioría do Pleno con 6 votos a favor (dos 5 Concelleiros do PSOE presentes, e o do Sr. Pinto de A.V.); e 1 abstención (a de Dna. M^a. Jesusa, do P.P.).

Seguidamente, ó non haber máis asuntos a tratar, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 20:05 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Enrique Alvarez Barreiro


O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo.: Rodrigo Blanco Novoa
